

autismoGALICIA

POLITICA  
DE SELECCIÓN  
DE  
PROXECTOS

Federación AUTISMO GALICIA

AG

**DATA DE APROBACIÓN: 13/12/2021**

**ORGANO DE APROBACIÓN: Xunta Directiva da Federación Autismo Galicia**

## PROPÓSITO

O propósito desta política é establecer uns criterios que regulen a selección dos proxectos a executar pola da Federación Autismo Galicia.

A Federación Autismo Galicia ten como misión contribuír a defender e reivindicar socialmente os dereitos das persoas con Trastornos do Espectro do Autismo e das súas familias, promovendo a igualdade de oportunidades e a colaboración entre entidades prestadoras de servizos específicos e especializados.

A Federación dispón dunha declaración de valores que guían a actuación da organización como institución e a conduta das persoas que a forman. Na formulación destes valores se recollen o conxunto de conviccións e opcións fundamentais que manifestan a identidade da Federación e que xeran unha cultura institucional propia.

Na realización da súa actividade a organización actúa e as persoas condúcense coherentemente cos seguintes valores:

### Valores éticos

AUTISMO GALICIA desenvolve a súa actividade e persegue os seus propósitos en coherencia cos seguintes referentes:

- As persoas con TEA son cidadáns activas, suxeitas de pleno dereito.
- AUTISMO GALICIA enfoca o seu traballo para a provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares dende unha perspectiva de dereitos.
- AUTISMO GALICIA é unha federación solidaria que promove este valor entre as persoas e organizacións que inflúen na vida das persoas con TEA e os seus familiares.
- AUTISMO GALICIA condúcese nas súas decisións en coherencia cos referentes éticos propios e os que asume das asociacións nas que participa activamente.

### Valores de xestión

AUTISMO GALICIA promove e condúcese na súa xestión atendendo aos seguintes referentes:

- Auto representación das persoas con TEA.
- Participación de persoas e entidades
- Especificidade e especialización na provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares.
- Transparencia.
- Cohesión asociativa.

- Mellora continua.
- Sustentabilidade

Para a selección de proxectos utilizamos un enfoque de dous niveis:

1. O proceso de selección inicial avalía o proxecto a partir dos nosos criterios mínimos de selección de proxectos.

2. Os proxectos que cumpran os requisitos mínimos son avaliados tomando como referencia os nosos criterios de selección de proxectos

#### CRITERIOS MÍNIMOS:

- Estar aliñados coa misión e valores da Federación Autismo Galicia
- Ser sostible e viable financeiramente.
- Encaixar dentro dunha das áreas operativas (no caso de proxectos multi área, haberá unha área que funcione como responsable e unha persoa desa área definida como coordinador).
- Conter os seguintes contidos:
  - Obxectivos claros
  - Xustificación da necesidade
  - Metodoloxía de intervención razoada
  - Cronograma de tarefas ben definido
  - Análises de impacto e indicadores de medición do vos resultados
  - Plan de difusión e visibilidade

#### CRITERIOS DE SELECCIÓN DE PROXECTOS

Os proxectos que cumpran os requisitos mínimos son avaliados tomando como referencia os nosos criterios de selección de proxectos:

- Aliñados cos obxectivos do Plan Estratéxico vixente.
- Con potencial de continuidade
- Co-participados coas entidades federadas
- Innovadores
- Que promovan alianzas con outras entidades

#### REQUISITOS DE APLICACIÓN DE LA POLÍTICA

Annualmente, xunto coa documentación que se someta á aprobación da Asemblea Xeral se incluírá un informe acerca do grado de cumprimento desta Política, citando expresamente si se teñen producido no ano algún cumprimento das súas normas.

Esta Política foi aprobada na reunión de Xunta Directiva do día 13 de decembro de 2021

**SEDE SOCIAL**

Rúa Home Santo de Bonaval,74

**CENTRO DE RECURSOS**

Rúa Rodríguez de Viguri, 35

15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

[info@autismogalicia.org](mailto:info@autismogalicia.org)

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

